



*Revista Galega  
do Ensino*

*Ano 14 • 2ª época • Nº 48 • Marzo 2006*

## *Recensións*

---

*RGE*



**Autor:** TOURIÑÁN LÓPEZ, J. M.  
(Dir.)  
**Ano:** 2005  
**Título:** *Educación electrónica. El reto de la sociedad digital en la escuela*  
**Lugar:** Santiago de Compostela  
**Editorial:** Xunta de Galicia.  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dende a consideración do valor potencial das TIC no eido educativo, no presente libro fórmulase a educación electrónica como obxecto de estudo e medio de integración entre escola e sociedade da información. A liña directriz sobre a que se artella é a de preconizar, defender e entender a educación electrónica como concepto propio da Pedagogía.

O director do traballo é o Dr. José Manuel Touriñán López, catedrático de Teoría da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e autor de libros e artigos de ampla e diversa temática no ámbito da educación e, en particular sobre este asunto, que trata dende a perspectiva da planificación estratéxica e a Sociedade da Información.

A obra componse de dúas partes precedidas dunha introdución. A primeira parte acolle a fundamentación teórica, e é nesta última onde se desenvolve o estudo empírico, que finaliza cunha serie de conclusións.

Na introdución ponse de relevo a problemática da integración da sociedade dixital no ámbito escolar, categorizada en tres grupos de problemas: accesibilidade, flexibilidade e receptividade.

1. Accesibilidade: Planificación da infraestrutura (xestión e organización). Afecta ao hardware e ao software.

2. Flexibilidade: Organización espazo-temporal e información dixitalizada. Afecta ao brainware e ao orgaware, así como a educandos e a educadores na súa formación e profesionalización.

3. Receptividade: Capacidade da poboación para comprender e/ou asimilar as NNNT, xeralas e transferilas.

En relación coa liña directriz antes exposta, deféndese o enfoque da tecnoloxía como un nivel epistemolóxico e salientase que os recursos non desmerecen o carácter tipicamente “pedagóxico” da acción. Trátase de subliñar a necesidade de espertar un entusiasmo crítico que faga posible o

logro dunha execución efectiva entre as novas tecnoloxías e a educación, sempre ao servizo das persoas no seu quefacer diario; así como a responsabilidade dun bo uso das mesmas, que recae sobre o educador, os pais e os propios alumnos. Este criterio de bo uso estará determinado por unha correcta adecuación das novas e poderosas tecnoloxías á mellora do proceso de aprendizaxe, o cal corresponde ao modelo de intervención pedagóxica que abre novas posibilidades de actuación (aula virtual).

A introdución finaliza cunha visión de grande proxección de futuro, en canto á posibilidade de integración da sociedade dixital na escola, cuxo denominador común parte da liña directriz, que fai posible novas formas de actuación profesional e pedagóxica como educación electrónica (e-educación).

Na primeira parte, realízase un estudo teórico que vén estruturado en cinco capítulos que deseguido enumeramos e dos que logo comentamos, de forma global, o seu contido:

1. O concepto de educación electrónica dende a perspectiva da intervención pedagóxica.

2. O concepto de educación a distancia como modalidade de ensino que se axeita ao traballo interactivo no marco internacional como sistema mixto.

3. As estratexias de desenvolvemento de e-Europa.

4. As estratexias de desenvolvemento de INFO.XXI e España.es.

5. Os indicadores de desenvolvemento de tecnoloxías da información e as comunicacións na educación.

En canto ao contido, o que aquí se expón é unha fundamentación teórica na que se defende e se xustifica a necesidade de interpretar a educación electrónica como intervención pedagóxica, xeradora de competencias para se mover no espazo electrónico e construír o propio proxecto de vida utilizando a experiencia virtual. Ponse de manifesto que a sociedade da información é unha fase evolutiva das sociedades avanzadas e que se estende por todo o planeta (mundialización) cunha característica común, que consiste en poñer de materia prima a información e basear a súa produción no desenvolvemento das TIC, pero matizando que o emprego das NNTT require tanto de traballadores preparados como de consumidores formados, deixando claro que sen investimento en capital humano non existe un verdadeiro desenvolvemento da sociedade dixital. Daquela, necesítanse plans e proxectos educativos que non estean fundamentados só en criterios económicos, senón tamén culturais, intelectuais e morais, de acordo co modelo de sociedade que desexamos construír e que terá que responder a unha sociedade democrática da cidadanía; en definitiva, que conteste tamén ás necesidades humanas e sociais que inclúan os seguintes aspectos:

1. Consumo intelixente (crítico) de produtos e bens relacionados coa información e coa cultura.

2. Igualdade de dereitos ante o acceso ás NNNT.

3. Convivencia pacífica e entendemento interxeracional.

En definitiva, neste libro fórmulase a necesidade de xerar política educativa global e local á vez, porque local, rexional, nacional e internacional, non son compartimentos estancos, senón espazos interconectados grazas a ese carácter de acción glocal (global + local).

Nunha sociedade cada día máis centrada no coñecemento e nos intercambios, a posición defendida neste volume, é que os suxeitos deberán ter a posibilidade de que o seu Estado lles oferte o poder acceder e dominar as NNNT. É por iso, que nos dá a coñecer os plans que se están levando a cabo para acelerar a entrada das escolas na sociedade da información e evitar, deste modo, as desigualdades de acceso ás devanditas fontes electrónicas de información, así como ao saber e á cultura, apoiándose en medidas comunitarias consistentes en establecer relacións horizontais entre as iniciativas locais, rexionais, nacionais e internacionais, para que neste século XXI todas as escolas queden conectadas a redes de información e do saber. Estes proxectos de interconexión de redes de escolas basearanse nas redes a nivel local e rexional soli-

damente establecidas, ampliando as súas conexións progresivamente tanto ao conxunto de redes de escolas xa existentes, como ás que están en vías de creación e ás illadas xeograficamente e desfavorecidas no aspecto social. Todo isto reflicte o acceso a un mundo mellor, democrático e máis solidario, pois quedan corrixidas as desigualdades de acceso. Pero a chegada da sociedade da información esixe cambios globais na organización da educación, que deberán atender non só a criterios pedagóxicos (papel do profesor, relacións espazo-temporais, ...), senón tamén, dado o seu carácter sistémico, que afectarán á calidade de vida e aos que se esixirá que sexan avaliados minuciosa e exhaustivamente dende outras esferas de acción e corresponsabilidade.

En canto á rendibilidade desta integración, vencellada aquí á innovación, converte a educación e a escola en garantes da preparación dos cidadáns, pois aínda que esixe cambios que se amolden á nova situación, séguense mantendo as condicións básicas de intervención pedagóxica. Neste sentido, o libro insiste na necesidade de desmitificar a integración das TIC na escola, tanto dende o resultado das investigacións sobre medios, como dende a propia concepción da intervención pedagóxica.

Na segunda parte, recóllese o estudo empírico da información recompilada acerca das TIC nalgúns

centros de secundaria de Galicia que xa utilizan novas tecnoloxías en educación. Estrutúrase en dous capítulos:

1. Delimitación do problema de investigación, as hipóteses de traballo, obxectivos, variables, poboación, mostra e instrumento para a recolla de datos.

2. Análise da información recollida, resultados e conclusións obtidas.

Este estudo empírico céntrase na creación e aplicación dun cuestionario. Os problemas catalogáronse en tres grupos, xa definidos na primeira parte (accesibilidade, receptividade e flexibilidade). A hipótese de partida queda expresada na seguinte pregunta: ¿É posible formular o problema da interactividade en termos propios da intervención pedagóxica?

O estudo empírico céntrase, así mesmo, na interpretación dos datos obtidos. Á marxe dunha maior concreción nos seguintes apartados, cómpre dicir que no inicio do estudo empírico *o cuestionario elaborouse en tres protocolos* específicos para alumnos, profesores e directores de centros de secundaria, coa condición xeral de ser centros que estaban a utilizar as TIC na educación. Esta condición foi determinante, porque non se trata de facer un exame do sistema educativo, senón de consultar os que están a empregar a nova tecnoloxía para contar coa súa experiencia. O cuestionario estrutúrase en *sete apartados*:

- Datos de identificación
- Uso e recursos do centro
- Formación e competencia en novas tecnoloxías
  - Actitudes cara a Internet
  - Repercusións ou valoracións do uso de Internet no centro
  - Suxerencias para a potenciación do uso de Internet no centro
  - Orientacións para un plan estratéxico.

O estudo empírico elabórase atendendo ás seguintes *orientacións xerais* que se derivan do estudo teórico:

1. O papel dos directivos é fundamental para vencer as resistencias ás innovacións, tanto se se trata de promover a innovación, como de favorecer o seu arraigamento.

2. Potenciar a planificación do proceso de implantación das innovacións, atendendo ao contorno propicio para a educación electrónica, supón incidir nas condicións básicas para pór de relevo os procesos informativos, promover e facilitar a participación, favorecer o consenso das persoas clave e, por último, consolidar a credibilidade.

3. Dende o punto de vista da innovación, o contexto convértese no referente por excelencia. A autonomía institucional, o papel das autoridades e o compromiso dos pais son áreas clave do contexto externo vencelladas a procesos de calidade.

4. Analizar a capacidade do sistema escolar para a educación elec-

trónica leva consigo abordar o sistema escolar dende o punto de vista de:

- A dispoñibilidade dos novos medios.  
O incremento da seguridade no manexo dos mesmos, que vai acompañada da tendencia cara á simplificación do seu uso.
- A adaptación dos sistemas de educación á sociedade do coñecemento e a integración da sociedade da información na escola.

5. Analizar a cultura organizativa do centro escolar para impartir a educación electrónica leva a examinar o sistema dende o punto de vista de:

- A idoneidade socio cultural do sistema tecnolóxico de educación electrónica
- A oportunidade organizativa para o sistema tecnolóxico de educación electrónica
- A coherencia ideolóxica institucional respecto da filosofía do sistema tecnolóxico de educación electrónica
- As infraestruturas dispoñibles para a educación electrónica
- O nivel de coñecementos da poboación escolar.

6. Establecer directrices de orientación de Plan estratéxico do centro respecto da educación electrónica entraña, no contexto da innovación, propiciar un proceso de reflexión

estratéxica que afecta aos implicados.

Como conclusión xeral desta segunda parte, podemos afirmar que os tres sectores son partidarios da integración das NNTT nos centros e nas aulas, pero con distintos enfoques. Os alumnos veno útil como axuda para a súa formación e desenvolvemento persoal, e os directores e profesores para a súa mellora profesional. Os directores parecen ser os máis pragmáticos en canto ás repercusións que pode ter o uso de internet e TIC en alumnos e profesores, pero estes últimos, a pesar de recoñecer que a relación alumno-rede pode traer beneficios, maniféstanse máis pesimistas ante esta nova cultura organizativa; non obstante, os alumnos adoptan unha posición intermedia entre directores e profesores.

Para finalizar, e como conclusión xeral, defende que o compoñente das TIC da/na educación nos vai aportar non só una mera reflexión acerca do obxecto da mesma, senón tamén un coñecemento do obxecto xurdido da reflexión sobre a experimentación na práctica, que dá lugar á posible validación de modelos de organización dos elementos que forman a realidade educativa, a optimización no emprego de recursos a través da súa análise, e o establecemento de orientacións para a avaliación da aprendizaxe xunto ao progreso noutros ámbitos específicos. A necesidade de dispoñer de modelos como recurso para o desenvolvemento tecnolóxico por parte do profesorado,

leva consigo unha formulación profunda, tanto do sentido como do significado das diferentes propostas sobre modelos de intervención. Este proceder didáctico debe ter carácter sistémico e construírse sobre a planificación, a condución e a avaliación do proceso de aprendizaxe fundado nas necesidades e coñecementos dos educandos e, ademais, no entendemento da relación ensino-aprendizaxe como un fenómeno social (corrente hermenéutica) e que pon a énfase na análise dos sistemas social e escolar (corrente sociocrítica).

Prevexo xa que logo, que estas interesantes reflexións arredor da sociedade dixital terán un gran futuro no eido educativo, que virá caracterizado pola interconexión das escolas, a estimulación no desenvolvemento dos contidos educativos e a formación do profesorado como elementos fundamentais, aínda que non suficientes. Porque a difusión dos usos dos multi-

media educativos depende, así mesmo, dunha mellor formación e información dos docentes, para poder adaptar as prácticas pedagóxicas, da dirección dos centros, dos responsables da educación e da política. En particular, precísase sensibilizar os políticos sobre a necesidade de implantar un contexto propicio, que faga posible a creación de redes de escolas con software educativo, así como foros de debate entre docentes, profesionais da Pedagogía e directores de centros.

En definitiva, trátase dun libro de interese para comprender cómo institucións, profesionais e sociedade, en xeral, están implicados no proceso de desenvolvemento da educación electrónica, que lles permite acceder á experimentación e á valoración de novos enfoques pedagóxicos, necesarios para que poida ser asumido o cambio que supón o reto da sociedade dixital.

*Teresa María Gutiérrez Moar*  
Universidade de Santiago de Compostela



**Autor:** COSTA RICO, A.  
**Ano:** 2004  
**Título:** *Historia da educación e da cultura en Galicia*  
**Lugar:** Vigo  
**Editorial:** Xerais

O profesor Antón Costa, titular da Universidade de Santiago de Compostela, desenvolve o seu labor docente impartindo a materia de Historia da Educación en Galicia, e como compendio da súa traxectoria investigadora ofrécenos este traballo. Non se trata dunha publicación específica dun momento histórico do devir educativo en Galicia, senón dunha visión enciclopédica que comprende dezaseis séculos. A obra de Antón Costa centráse no eido educativo, á vez que reflicte directa ou indirectamente outros ámbitos do saber como a filosofía, a política e a cultura.

Ao abranger dende a romanización ata a actualidade, estrutúrase en dez capítulos, os tres primeiros fíxanse na análise dos fenómenos educativos e culturais no período que abarca a historia antiga e medieval. Do cuarto ao oitavo analiza o treito do Antigo Réxime coa inserción da etapa da Ilustración. Os dous últimos capítulos inclúen a historia contemporánea, os séculos XIX e XX.

Ao longo do traballo, o lector achégase ao desenvolvemento cultural, da historia, da ideoloxía, do sistema

educativo dende unha perspectiva europea, española e galega, facendo fincapé na realidade da cultura. A recolla de material e información levouse a cabo logo dun percorrido por diversas bibliotecas galegas, así como polos mosteiros repartidos pola nosa xeografía. A publicación tamén conta cunha bibliografía xeral e con dous índices, un analítico e outro onomástico, que facilitan a busca de referencias e de conceptos. A obra remata cunha selección de 48 textos de diverso xorne: uns, xornalísticos; outros, literario-administrativos; algúns, históricos e un meirande número, pedagóxicos.

Todo o volume amosa un coitado traballo de recompilación de material gráfico: imaxes, fotografías, recortes, reproducións, etcétera, que facilitan o achegamento a través da imaxe á realidade educativa de cada época.

Como historia da educación e da cultura en Galicia, a obra permítenos comprender e explicar os trazos substanciais do noso pasado educativo e do noso desenvolvemento cultural a través dun discurso teórico, á par que empírico, cando plasma o quefacer dia-

rio da educación na comunidade educativa galega.

O libro comeza co espertar cultural de Galicia dende a romanización e a cristianización (primeiro capítulo), pasando por diferentes modelos como a escolástica, empregada nas institucións universitarias para a construción e a elaboración do coñecemento (segundo capítulo) e a evolución e desenvolvemento educativo e cultural de Galicia e dos galegos entre os séculos XII e XV (terceiro capítulo), a aparición da imprenta, as reformas relixiosas e o descubrimento do novo continente americano configuran un novo panorama cultural, político e social, do que se dá razón no cuarto capítulo. O quinto centra o seu interese no século XVII, no emerxer da educación popular e, asemade, nos procesos de alfabetización e de escolarización.

Cómpre destacar dentro da obra a época da Ilustración (sexto capítulo) con preto de trescentas páxinas, onde o autor nos instrúe sobre a importancia que a educación pasa a ter ao converterse nun problema de Estado, nacendo así a escola pública. Esta etapa é o berce da alfabetización no país de Breogán, no que a emigración e as actividades mercantís do momento van requirir estes saberes.

O sétimo e o oitavo capítulo comprenden a historia cultural e educa-

tiva en Galicia durante o Antigo Réxime, co agromar de diversos persoeiros dende a igrexa, a nobreza e os diferentes marcos científicos no propio contorno galego ou en ultramar.

Os dous últimos capítulos, como xa sinalamos, resérvanse para os séculos XIX e XX. Comentáanse neles as influencias educativas doutras realidades alleas á galega, países europeos, e tamén o acordar pedagóxico no último século coa democratización social que inculca ritmos novos ao desenvolvemento educativo e social galego.

Este ensaio foi valorado moi positivamente dende diversos espazos, intelectuais e sociais, acadando diversos premios e recoñecementos. Como ben indica o profesor Escolano no prólogo, tratáse dunha historia marcadamente contextual e comparativa, na que os feitos non só se integran nunha perspectiva global, senón tamén en ámbitos máis amplos como España e Europa. Esta é, ademais, unha contribución valiosa que colabora á mellora do proceso de normalización lingüística que está a florecer en Galicia.

Concluimos, e facémolo pensando que o traballo favorece o pensamento prospectivo, cara a un afondamento da historia da educación en Galicia en cada período marcado. En definitiva, trátase dunha obra de interese para estudantes e profesionais da educación.

*M<sup>a</sup> Esther Olveira Olveira*  
Universidade de Santiago de Compostela

**Autor:** LISÓN TOLOSANA, C.  
(Ed.)  
**Ano:** 2002  
**Título:** *Antropología: horizontes educativos*  
**Lugar:** Granada  
**Editorial:** Universidade de Granada

As diversas transformacións sociais, económicas, políticas, laborais... sucedidas nas últimas décadas configuran unha sociedade cada vez máis complexa. Ao abeiro dun novo escenario social, van xurdindo novos horizontes educativos no eido da antropoloxía, temática que aborda a presente publicación.

Dende a vocación pedagóxica, falar da relevancia do tema desta obra, é unha obviedade, xa que a antropoloxía da educación, que subxace na antropoloxía social e cultural, é a que nos ofrece os alicerces necesarios para entender como se educan os seres humanos nunha cultura concreta, isto é, como a civilización se transmite dunha cultura a outra.

Ante a necesidade de crear foros de debate sobre as novas demandas da educación dende a perspectiva antropolóxica, o catedrático de Antropoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid e académico numerario da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, Carmelo Lisón Tolosana, editor desta obra, e outros expertos no tema, souberon

plasmarmos coas súas achegas diferentes problemáticas, unhas xa coñecidas, e outras xurdidas a partir do actual contexto social, político e económico. Temas coma os valores, a aculturación, as aprendizaxes cívicas, a inmigración e a formación artística profesional son tratados con rigor e precisión nos oito capítulos nos que se estrutura a obra.

No capítulo primeiro, *De Antropológica Educatione*, Carmelo Lisón Tolosana ofrécenos os elementos fundamentais para introducir o lector na antropoloxía da educación e os seus novos horizontes na sociedade actual.

A continuación, Ricardo Sanmartín Arce centra a súa exposición no *estudo dos valores*, facendo especial fincapé na súa definición, natureza, estados e modos de funcionamento.

¿*Que antropoloxía da educación debe impartirse aos futuros licenciados en Pedagogía?* é a pregunta á que se intenta dar resposta no terceiro capítulo. Para iso, tócanse cuestións referidas ás relacións entre

cultura e educación, a orixe da antropoloxía da educación e os seus diferentes enfoques.

Formular *en qué sentido hai que redefinir, ou encher de contido cívico o sentido da sanción para garantir a súa utilidade no mantemento da orde viaria* é o tema do capítulo seguinte. A partir dunha primeira reflexión sobre a sanción, fórmulanse deseguido tres interrogantes: ¿Enténdese o sentido da sanción? ¿Cobre a sanción total ou fragmentaria o ámbito social do erro e o delito viarios? ¿Modifica, unha vez aplicada, as condutas na dirección de incrementar o civismo viario entendido como tránsito social tecnificado? que se irán esclarecendo a medida que avanzamos na súa lectura.

Alessandro Simonicca aproxímanos no capítulo quinto, a un tema clave na área antropolóxica-social, a *aculturación* –proceso polo cal o contacto continuo entre dúas ou máis sociedades diferentes xera un cambio cultural–, ofrecéndonos un exemplo de como se produce este proceso dentro dun determinado contexto, o caso de Siena.

A *peculiaridade da formación artística profesional* é abordada por Miguel Figueroa-Saavedra no capítulo sexto, quen parte da análise da realida-

de formativa dos estudantes de arte e nos introduce na complexidade dun mundo no que existe unha ruptura entre o academicismo da actividade pedagóxica e a autenticidade da actividade creadora.

O tema da *inmigración e a educación* é tratado no capítulo sétimo, onde se analizan as incidencias que o fenómeno da inmigración está a provocar na escola e como se formula esta situación no caso dos alumnos procedentes da área latinoamericana.

O *tema dos valores* segue sendo obxecto de estudo no libro, agora tratado dende o ámbito familiar. Deste modo, Petra M<sup>a</sup> Pérez Alonso-Geta ofrécenos no último capítulo, información sobre o concepto de valor en educación, a forma e o contido dos estilos familiares de crianza e educación, sen esquecer, por suposto, a importancia da transmisión dos valores como parte da educación familiar.

Finalmente, cabe dicir, que nos atopamos ante unha obra na que se harmoniza a diversidade das achegas dos seus autores coa coherencia xeral do texto. Unha obra moi útil para os futuros licenciados en Pedagogía e para aqueles que desexen ter un maior coñecemento dos novos horizontes educativos da antropoloxía.

*M<sup>a</sup> Josefa Mosteiro García*  
Universidade de Santiago de Compostela

**Autores:** SANTIAGO MARIÑO, M. J.  
e OTERO-LÓPEZ, J. M.  
**Ano:** 2005  
**Título:** *Malestar laboral en profesores*  
**Lugar:** Granada  
**Editorial:** Grupo Editorial Universitario

O eixe sobre o que se vertebra a obra *Malestar laboral en profesores* é a percepción do modo de expresión dos profesionais do ensino universitario sobre a súa insatisfacción laboral cando experimentan estrés laboral –se o traballador nota que non conta cos recursos necesarios para afrontar as demandas que se lle formulan– e/ou, no caso de que este estrés ocupacional se volva crónico, estar ante a presenza da síndrome de burnout. Así, pódese dicir que nos movemos na polaridade obxectividade-subxectividade do malestar docente que ameaza o benestar obxectivo e subxectivo do profesorado universitario.

Os autores preguntan ¿por que centrarnos neste colectivo de profesionais? A resposta é clara e oriéntase cara ás cuestións seguintes:

1ª. A súa pertenza a este colectivo,

2ª. A existencia de poucos traballos empíricos neste nivel educativo

3ª. O saber que ao identificar os factores do malestar laboral, se poderán implantar estratexias de prevención e intervención que busquen potenciar un benestar laboral dos

docentes, coa intención de que repercuta positivamente no seu desempeño profesional.

Mª José Santiago Mariño e José Manuel Otero-López desenvolven o seu labor docente e investigador no Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía da Facultade de Psicoloxía na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Algúns dos seus traballos xiran en torno aos seguintes temas: consumo de drogas entre os adolescentes, delincuencia infanto-xuvenil, psicoloxía da personalidade, alcoholismo, estrés laboral, etc.

A obra estruturouse en cinco capítulos. O primeiro denominado «Las señas de identidad del malestar laboral: un acercamiento histórico conceptual al estrés y al burnout» ocúpase da análise terminolóxico-conceptual do fenómeno do estrés e a síndrome do burnout. Finaliza coa busca de elementos integradores que permitan indicar a ampla rede de similitudes e diferenzas que posúen, se a nosa intención é a de perfilar que é o malestar ocupacional.

No capítulo segundo, «Un acercamiento a los elementos del proceso: las fuentes y la respuesta de

estrés como ingredientes», estuda o binomio estímulo-resposta configurador de situacións de estrés ao lado doutras variables que modulan como se perciben os estímulos estresantes e como median nas distintas respostas. As cuestións analizadas fan referencia a que é un estresor, cáles son as situacións potencialmente estresantes na nosa vida cotiá e profesional, cal é a polaridade obxectividade-subxectividade do estrés e os estresores que ameazan o benestar dos individuos, qué taxonomías se realizaron, cáles son as reaccións dos individuos ao estrés.

«Variables moduladoras en la experiencia de estrés: la importancia del apoyo social, el afrontamiento y la personalidad» é o contido a desenvolver no capítulo terceiro, cuxo punto de partida é a abordaxe do estrés como fenómeno multifactorial que obriga a unha postura interaccionista.

Os inicios da dimensión empírica do malestar laboral docente son as claves do capítulo cuarto, «Estrés, burnout e insatisfacción laboral: rastreado la evidencia empírica». A súa finalidade é buscar e analizar informes, artigos de prensa, revistas, libros e investigacións nacionais e internacionais referidas ao estrés e o seu interese e máxima actualidade no quefacer investigador.

Por último, o capítulo quinto «Estrés, burnout e insatisfacción laboral en los profesores universitarios: un estudio empírico» presenta a realidade

concreta dos docentes da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Tomando como base o contido teórico dos capítulos anteriores, artículase a análise da realidade baixo as dimensións seguintes:

a) Elección dunha poboación de “alto risco” como diana da investigación: os docentes universitarios como suxeitos de investigación.

b) A integración das variables máis alá das “partes”. Chegar a un modelo integrador para explicar o estrés e o burnout.

c) A busca de puntos en común e diferenzas: un achegamento á “identidade” dos fenómenos do estrés e do burnout.

Nesta investigación realizáronse dous estudos. O Estudo I ten como obxectivo examinar o estrés laboral e o burnout nos profesores universitarios en función dun grupo de variables e o Estudo II saber cal é a natureza e o alcance do estrés, a insatisfacción laboral e o burnout no profesorado universitario.

As conclusións máis sobresaíntes que podemos tirar do estudo teórico e da dimensión empírica desta obra sobre o achegamento ao malestar laboral dos docentes universitarios, son:

Primeira, as fontes de estrés máis destacadas son os conflitos persoais, a falta de apoios, as problemáticas específicas da docencia e a elevada burocratización.

Segunda, a orde da sintomatoloxía é cognitiva, física e emocional.

Terceira, existen diferenzas significativas entre os estresores laborais e o nivel de estrés e burnout que os docentes manifestan a priori.

Cuarta, a maioría da sintomatoloxía cognitiva, física e emocional presenta diferenzas estatisticamente significativas co grao de estrés e burnout que os docentes manifestan a priori.

Quinta, constátase unha relación positiva e significativa entre o estrés, a insatisfacción laboral e o burnout.

Sexta, as variables persoais, sociais e extralaborais manteñen asociacións estatisticamente significativas cos tres indicadores do malestar laboral.

Sétima, na busca de explicacións-predicións do estrés, da insatis-

facción laboral e do burnout interveñen variables persoais, relacionais e laborais.

Oitava, a práctica totalidade das estratexias de afrontamento activas e pasivas predín o malestar laboral, é dicir, para poder explicalos temos que recorrer á reestruturación cognitiva, á resolución de problemas, á expresión das emocións, aos pensamentos ansiosos e á retirada social.

Novena, débese buscar a consideración conxunta de todas as variables para explicar as tres manifestacións do malestar laboral na docencia.

Por último, a necesidade de seguir realizando investigacións que velen polo estado de “saúde laboral” dos docentes universitarios, redundando os devanditos resultados nunha mellora das condicións laborais a fin de garantir a súa calidade.

*M<sup>a</sup> del Carmen Gutiérrez Moar*  
Universidade de Santiago de Compostela





**Autor:** PUNSET, E.  
**Ano:** 2005  
**Título:** *El viaje a la felicidad. Las nuevas claves científicas*  
**Lugar:** Barcelona  
**Editorial:** Ediciones Destino S.A.

Como o seu título indica, *El viaje a la felicidad* de Eduardo Punset acérganos ás principais teorías científicas sobre a felicidade. É esta unha obra froito dunha investigación que parte de encontros e conversas cos maiores especialistas científicos sobre o tema.

O autor naceu en Barcelona no 1936. É licenciado en Dereito pola Universidade de Madrid e realizou un máster en Ciencias Económicas pola Universidade de Londres. A súa carreira política vincúlase ao seu destacado papel na apertura de España ao exterior, como Ministro de Relacións para as Comunidades Europeas. Como Conseller de Finances da Generalitat de Cataluña participou na implantación do estado das autonomías, e como Presidente da delegación do Parlamento Europeo para Polonia, tutelou parte do proceso de transformación económica dos países do leste tras a caída do Muro. Exerceu tamén como redactor económico da BBC e como Director Económico da edición para América Latina do semanario *The Economist*, e economista do Fondo Monetario Internacional na área do Caribe. Especialista en temas de

impacto das novas tecnoloxías, interviu, así mesmo, en diferentes proxectos e con diversas institucións, como por exemplo, no Plan Estratéxico para a Sociedade da Información en Cataluña, do que foi coordinador. Actualmente é profesor de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade na Facultade de Economía do Instituto Químico de Sarrià (Universidade Ramón Llull) e dirixe e presenta en Televisión Española o programa de divulgación científica Redes.

O libro é unha interesante aproximación á felicidade e aos seus condicionantes: as emocións, o estrés, os fluxos hormonais, o envellecemento, os factores sociais, económicos, culturais e relixiosos, etc. Un discurso que nos desvela os máis recentes descubrimentos científicos en torno a este tema, e que no seu capítulo final nos propón a fórmula da felicidade.

Segundo o autor, a felicidade preocúpanos hoxe porque a nosa esperanza da vida duplicouse en pouco máis dun século. Cunha esperanza de vida de trinta anos, a humanidade non se formulaba ser feliz máis que nunha vida espiritual futura, despois da morte. Pero actualmente, a poboación conta

con corenta anos redundantes que lle garanten un futuro e lle poden permitir ser feliz “aquí e agora”. Esta tarefa require reequilibrar o investimento dos recursos limitados, dedicados á perpetuación da especie e ao puro mantemento do organismo. Ata ao momento a maioría destes recursos destinábanse á reprodución, xa que a existencia do organismo era case efémera. Non obstante, hoxe temos que investir máis en mantemento, dando máis posibilidades a alcanzar a felicidade.

Pero, ¿cales son os factores que inflúen na nosa posibilidade de ser felices? Punset divídeos en tres categorías: os netamente redutores, a carga herdada e o resto de factores. Antes de analizar cada apartado debemos ter en conta que a felicidade é pasaxeira e momentánea, polo que non debemos esperar un estado permanente. Dentro do primeiro grupo de condicionantes, os factores que reducen as nosas posibilidades de felicidade, encóntranse en:

- O feito de que primordialmente, a felicidade é a ausencia de medo, e, por extensión, de dor.
- A necesidade de filtrar escrupulosamente todas as instrucións con base na memoria grupal. En primeiro lugar, é necesario recoñecer que todos os réptiles e mamíferos compartimos a resistencia ao cambio e á novidade, aínda que este instinto se contaxeste coa curiosidade, sen a que non sobreviviríamos. Ademais, o avance

supón a miúdo a ruptura de esquemas conceptuais moi asentados.

- Que non é necesario coordinar o que se coordina de seu, coma os procesos automatizados, cun alto grao de eficacia. Os procesos non automatizados consomen máis recursos e están menos perfeccionados.

- O desaprender da maior parte das cousas que nos ensinaron, xa que é moito máis importante que aprender.

Na obra formúlase que así como todos nacemos cunha estatura predeterminada, tamén o facemos cun punto límite de inflexión no nivel de felicidade. A porcentaxe na que a xenética se impón neste caso, estímase nun cincuenta por cento. Así, os factores que configuran a carga herdada na busca da felicidade, son os seguintes:

- Todos somos mutantes, aínda que algúns máis que outros. Cada embrión xera de media entre tres e catro mutacións exclusivas no seu xenoma que van en detrimento da súa saúde. O autor enlaza este tema co da beleza, formulando a teoría de que os seres portadores dun equilibrio básico e conxénito posúen unha posibilidade maior de ser portadores, non só da felicidade, senón tamén da beleza.

- O desgaste dos materiais é inevitable. As medidas dirixidas a compensalo esixe unha diferenciación individual nas capacidades rexenerativas.

- Unha variedade non programada do desgaste de materiais é o

envellecemento. Na medida en que ningún xen nin mecanismo xenético ten nalgún momento a función de interromper os procesos vitais, o home non está programado para morrer.

- O exercicio obxecto do poder político é unha carga herdada, dado que os cambios culturais son extremadamente lentos. Como sociedade complexa, a nosa, é unha sociedade vulnerable. A degradación das liberdades políticas carrega un cataclismo nos niveis de felicidade individual, mentres que aumenta o seu nivel en función dun maior grao de participación dos cidadáns nas tarefas políticas. Isto contrasta coa xeneralidade de que cando facemos uso dun ben público, non asumimos o custo real das nosas accións.

- Aos humanos bástalles imaxinar unha situación na que o van pasar mal para desencadear as súas emocións básicas e a súa secuela de fluxos hormonais, o que non sucede noutras especies animais, nas que os estados de alerta duran o xusto para se salvar dun perigo real e inminente.

Respecto aos outros factores significativos da felicidade, recóllense na obra:

- A emoción é un factor determinante para calquera proxecto. Se non existe, nada do que se faga terá valor. Ademais, todos os procesos se inician e culminan coa emoción, antes e despois dun proceso racional. Ante os razoamentos lóxicos, as decisións

importantes tómanse en función das emocións. Todos os proxectos que se cinxen ao cumprimento estrito dos intereses materiais e persoais a curto prazo, carecendo dun elemento transcendental, están condenados ao fracaso invariable.

- Cómpre dedicar máis recursos ao mantemento e menos ao investimento.

- Só vemos e imaxinamos o que estamos acostumados a ver. Neste aspecto inflúe a obcecación debido ao dogmatismo ideolóxico, pero tamén o feito de que o noso sistema de percepción visual unicamente se activa co que se está afeito a ver. Así, a meirande parte das persoas non ven os detalles, só se centran no conxunto. Para acadar a felicidade é imprescindible chegar a visualizar os detalles, as partes e transcender as aparencias. Na busca e na expectativa radica dita felicidade, o que supón cambiar o ensinamento polo espírito multidisciplinar e a capacidade metafórica. Á parte, os humanos somos os únicos animais con emocións mesturadas, por exemplo, somos capaces de amar e odiar á vez.

- O pracer, o benestar e a felicidade radican no proceso de busca e non tanto na consecución do ben desexado. Tal e coma o expresa Punset: “A felicidade está agochada na sala de espera da felicidade” (p. 32). Cando tentamos acadar ou esperamos algo que desexamos, encéndense os circuí-

tos da busca situados no hipotálamo do cerebro, que alerta os resortes de pracer e felicidade, e que se apagan ao conseguir o esperado.

- Os chamados factores externos ou grandes mitos, coma o traballo, a saúde, a familia, os cartos, a educación e o grupo étnico, teñen un impacto modesto nos niveis de felicidade, a excepción das relacións interpersoais.

En relación a este último apartado, o aumento dos niveis de infelicidade no mundo de hoxe explicaríanse, en parte, polo investimento excesivo en bens materiais, en detrimento de valores de mantemento máis intanxibles. Un dos factores determinantes son os compromisos que sexamos quen de adquirir cos demais. Polo tanto, a felicidade depende en grande medida das actitudes e valores vinculados ao mantemento da especie en condicións sostibles. Por outro lado, os factores máis destrutivos e menos controlados xerminan dentro da propia persoa, como a tristeza maligna ou depresión. Neste campo ten unha contribución negativa a permanente “elucubración” do noso cerebro para poder concretar o que sucede no exterior da persoa, por mor das súas limitacións. O cerebro crea modelos abstractos e case perfectos, que contrastan coa trivialidade da vida cotiá, dando lugar a un estado de insatisfacción constante que estaría na base da depresión xeneralizada.

Unha das principais reclamacións que o autor lle fai ao sistema

educativo é o seu carácter competitivo, que non se detén a fomentar unha sociedade cooperativa e máis segura. O modelo competitivo non require empatía coas emocións e necesidades dos outros, e réxese por unha escala de resultados e non de valores. Por outro lado, mentres que no mundo adulto, un dos grandes atrancos para ser feliz é a manía de compararse cos outros, o modelo educativo imperante consiste en pechar nun espazo reducido un grupo de nenos da mesma idade para que desenvolvan as mesmas aptitudes en condicións competitivas extremas, mentres aprenden a se comparar constantemente. A comparación é unha fonte de frustracións e inseguridades.

Mención á parte merecen as artes plásticas e a música que producen un sentimento de benestar. A música, ao actuar sobre o sistema nervioso central, aumenta os niveis de endorfinas. As respostas pracentes ante as artes están correlacionadas coa actividade das rexións do cerebro implicadas nos mecanismos de recompensa e emoción. Na consecución de pracer, os efectos son equiparables aos obtidos polo sexo e as drogas, xa que inciden na mesma área cerebral, só que sen posibilidade dun control factible destas últimas e cuns efectos secundarios de sobra coñecidos.

Ademais de iluminar o noso camiño cara á felicidade, e talvez por iso, o libro estea na súa sexta edición, e por levarnos a reflexionar sobre a nosa

implicación na propia felicidade. Porque aínda tendemos a crer que tanto a fonte da felicidade como a da desgraza depende só doutros. A obra analiza a importancia dos diferentes estamentos que forman parte da nosa vida diaria como as decisións políticas, o poder e o seu abuso por parte dos gobernos, o sistema educativo... No que toca a este último, é obvio que unha das principais tarefas dun sistema educativo eficaz é conseguir un desenvolvemento integral das persoas que por el pasan, e isto engloba tamén a felicidade destes individuos. Non se trata tanto de “facelos felices” como de conseguir que razoen, comprendan, asimilen e cheguen a utilizar no seu favor todos os factores anteriormente expostos, que inflúen na súa posibilidade de ser felices. Ningunha sociedade poderá darlle vía á lóxica cooperativa e ao desenvolvemento individual, se o seu sistema educativo non ensina a pensalo.

É esta unha obra de lectura doada, aínda que densa en contido e que racha moitos dos prexuízos actuais sobre a influencia case exclusiva de factores externos na nosa felicidade. Ao longo das súas páxinas aprendemos que existe unha serie de factores herdados e factores redutores que dificultan a nosa “viaxe á felicidade”. Non obstante, coñecendo como se desencadean e evolucionan, en certa medida poderemos contrarrestalos a partir dos factores significativos. Temos que ter en conta que a felicidade depende en grande medida do afán que cada un poña na tarefa. Ademais, fórmase a necesidade de restablecer escalas de valores claras e relacións de cooperación social e solidariedade, que nos permitirán vivir nun medio máis favorable ao logro da tan ansiada felicidade ¿Como podemos obviar os educadores unha tarefa tan importante para o futuro dos nosos alumnos?

*Silvana Longueira Matos*  
Universidade de Santiago de Compostela



**Autores:** RODRÍGUEZ, A.,  
BERNAL, A. e URPÍ, C.  
**Ano:** 2005  
**Título:** *Retos de la educación social*  
**Lugar:** Navarra  
**Editorial:** Eunate

A obra é un prontuario sobre a educación social en toda a súa amplitude, que realiza, á par, unha análise seria, metodolóxica e sistemática deste ámbito educativo. É, polo tanto, un traballo teórico-práctico que lles permite aos profesionais do eido social, do eido educativo e aos estudantes das Facultades de Ciencias da Educación pensar e repensar sobre o devir do seu labor diario.

Como ben indica o profesor Altarejos no prólogo, un acerto dela é referir a educación social ás persoas, pois así permite reflectir asemade os dous ámbitos (individual e social) do ser humano.

Outro aspecto que cabe salientar é que non só tenta darlles respostas aos interrogantes ¿que? e ¿como? abundantes no ámbito educativo, senón tamén ao ¿para que facer?, premisa que moitas veces queda solapada polas dúas anteriores. Tratando de responder aos interrogantes referidos, o traballo estrutúrase en catro partes.

A primeira abrangue toda a cuestión epistemolóxica e conceptual ó redor deste ámbito. A definición e os presupostos, que estes autores nos propoñen da educación social, é que se trata dunha ciencia práctica, educativa

e social, que á parte de procurar a socialización dos diversos actores, facilita os medios para que cada persoa despregue a súa sociabilidade e sexa protagonista dos cambios dentro do espazo social no que se desenvolve. Entenden así, que o traballo do profesional da educación social, se leva a cabo, fundamentalmente, no ámbito non formal, sen excluír o formal (actividades extraescolares) ou o informal.

En resumo, esta parte sitúa a educación social diante de catro retos: buscar e definir novos xeitos para formar as persoas (aprender a ser); lograr que esas persoas teñan capacidade de adaptarse ao mundo cambiante no que viven sen perder a súa dimensión persoal (aprender a facer); adaptar e readaptar a educación ás dimensións básicas dentro da familia e da escola e tamén no seu contorno comunitario (aprender a convivir) e, por último, pensar en que temas cómpre educar no século XXI (aprender a coñecer).

A segunda focalízase en catro ámbitos de actuación: a familia, a comunidade, o centro educativo e os medios de comunicación. Sinálanse como marcos principais de referencia para o educador social, porque a partir deles se leva a cabo a superación do individua-

lismo liberal, o fomento de tarefas cooperativas na aprendizaxe, o valor da aprendizaxe na acción, a diversidade e as súas potencialidades, así como o propio estudo como formador (pp. 77-79).

Na terceira téntase responder aos retos que na actualidade se lle formulan á educación social .

- Un deles é o propio traballo coas familias, ás que hai que axudar a tomar conciencia que ser familia é unha aprendizaxe que require formación, do mesmo xeito que outros ámbitos.

- A educación para a saúde é un campo máis no que o educador social debe atender os diversos contornos e estilos de vida que se proxectan nas nosas sociedades.

- Educación para a convivencia leva a coñecer, respectar, confiar, colaborar para poder desenvolver proxectos comunitarios con éxito.

- A educación para o traballo é clave para o desenvolvemento persoal.

- A educación para a participación social e política, onde asociarse e crear asociacións, é un dereito que precisa coñecementos tanto cognoscitivos e actitudinais como procedementais. Hoxe, a educación para a participación social e política encamiñase basicamente a educar para a democracia.

- A educación para o desenvolvemento e a cooperación comporta traballar cara a unha sociedade participativa e equitativa para todos os cidadáns.

- A educación para o consumo supón propoñerlle unha axeitada formación ao consumidor para que poida ser selectivo e coherente cos seus valores á hora de elixir.

- A educación para o medio o ambiente implica concienciar sobre o contorno no que todos estamos obrigados a vivir, respectándoo e coidándoo. Por iso, é necesario desenvolver valores sociais que faciliten o emprego axeitado dos medios e recursos dos que dispoñemos.

No cuarto e último bloque preséntasenos, a modo de exemplos, algunhas das áreas de actuación máis relevantes do educador social: a *xerontoloxía educativa* indispensable para a vida activa e plena nunha sociedade do benestar, na que a calidade de vida é un elemento fundamental; a *animación sociocultural* que moitas veces tenta encher os momentos de lecer con cultura, participación, solidariedade, etcétera; ou outros ámbitos cada vez máis presentes como a *mediación* nos conflitos intrapersoais, interpersoais ou intergrupais.

Cómpre dicir, xa que logo, que estamos en presenza dun manual de consulta para profesores e alumnos da titulación de Educación Social, extensible, así mesmo, a todo o ámbito educativo.

*María Esther Olveira Olveira*  
Universidade de Santiago de Compostela



**Autor:** GARCÍA CRESPO, C. e  
VEGA GIL, L. (Coords.)  
**Ano:** 2005  
**Título:** *La educación obligatoria  
en Europa y Latinoamérica*  
**Lugar:** Granada  
**Editorial:** Grupo Editorial  
Universitario

Esta obra é froito dun dos congresos que cada dous anos organiza a Sociedade Española de Educación Comparada, concretamente do VIII Congreso Nacional de Educación Comparada celebrado en Salamanca e con título “La Educación Obligatoria en Europa y Latinoamérica. Situación actual y perspectivas de futuro”. Neste congreso participaron profesores de diferentes universidades do Estado español, así como de Iberoamérica, todos eles vencellados aos estudos comparados da Educación.

O libro mantén unha estrutura en bloques temáticos que fan referencia aos principais temas tratados no congreso. Os traballos publicados non son outros que as conferencias (inaugural e de clausura), así como as contribucións máis sobranceiras.

Os responsables do congreso e deste libro foron os profesores da Universidade de Salamanca, a Dra. D<sup>a</sup> Clementina García e o Dr. D. Leoncio Vega, que realizaron, así mesmo, o traballo de recompilación e de revisión das diferentes contribucións.

Este volume aborda o tema da educación obrigatoria na sociedade actual dende diferentes puntos de vista. Trátase nel de establecer o que debemos entender hoxe, nunha sociedade globalizada, por educación obrigatoria, confrontando ao mesmo tempo dous espazos distintos, Europa e América Latina.

Estrutúrase en 9 bloques, nos que cada un alberga de dous a cinco estudos. O primeiro bloque, co que se abre o libro, titúlase “Educación obrigatoria en perspectiva internacional” e recolle dúas contribucións, resultado de dúas conferencias dos profesores J. L. García Garrido (“Europa y Latino América: reflexión comparada de sus sistemas educativos”) e A. Nóvoa (“Lecturas desde la investigación comparada”). Son, polo tanto, dous estudos que serven de pórtico da obra e que se centran en aspectos comparados xerais, de grande importancia para poder, en certa medida, interpretar os posteriores, que se van referir, como veremos, a aspectos máis concretos.

O bloque segundo ofrécenos unha análise da educación obrigatoria en Europa e denomínase “La dimensión europea de la educación obrigatoria”. Componse de tres traballos, que examinan diferentes aspectos relacionados coa temática central, en concreto, coa análise da comprensión social do currículo, a dimensión europea do ensino e o modelo europeo de xestión de calidade.

No terceiro bloque, “La escuela rural: problemas y perspectivas”, aparecen catro traballos diferentes nos que se analiza a relación entre a escola rural e o desenvolvemento humano, a cooperación, a equidade, basicamente en América Latina, e as políticas educativas.

O cuarto bloque, que se centra na “Democratización y exclusión de la escuela”, está composto de cinco capítulos. En dous deles faise un estudo comparado, nun sobre o absentismo escolar en España e en Colombia, e no outro, sobre a educación obrigatoria nos textos constitucionais iberoamericanos. As tres contribucións restantes son achegas esencialmente descritivas, dúas delas sobre España, unha trata a integración educativa e outra analiza a lexislación sobre a educación compensatoria. Na última revísase o nivel de democratización da escola en Francia.

O bloque quinto está dedicado ao financiamento e á privatización deste nivel educativo. Neste caso, está composto de tres contribucións, a pri-

meira sobre a escola na casa como alternativa á educación obrigatoria; a segunda, sobre a globalización instalada, tendo como exemplo Arxentina, Chile e México; a terceira, sobre a política educativa que o laborismo inglés está a poñer en práctica fronte á exclusión social.

O seguinte bloque céntrase na gobernabilidade da educación a través de catro achegas. Nunha abórdanse as reformas educativas en América Latina, noutra a función directiva, nunha terceira, a influencia que en Colombia exercen as tendencias socio-educativas internacionais, e na última, examínase o déficit competencial que teñen as administracións locais en España e, concretamente, en Galicia.

O sétimo bloque componse de catro traballos relacionados coa diversidade cultural e a escola. O primeiro analiza esta situación en Andalucía, o segundo e o cuarto en México, un na educación obrigatoria e outro na telesecundaria. Finalmente, o que aparece en terceiro lugar, preséntanos o proxecto “Hwijima co’ xirao’ nana” que se está levando a cabo no Brasil.

O bloque oitavo “La formación básica en la escuela obrigatoria y la preparación de los ciudadanos” está formado por cinco capítulos. Tres deles referidos á Unión Europea, no primeiro analízase a preparación da cidadanía, no segundo as competencias “polivalentes” no ensino obrigatorio e no terceiro a implantación da

educación ambiental, aínda que neste caso se centra en dous países, Inglaterra e Francia. Os outros dous capítulos fan referencia a América, cunha comparación entre a situación de América Latina e España, no primeiro e no segundo, co tratamento da formación cidadá en Colombia.

O último bloque contén dous traballos referidos ao profesorado. O primeiro, sobre os problemas que para este estamento ten a diversidade cultural dende unha perspectiva internacional. O segundo, sobre a *Revista Española de Educación Comparada* como instrumento formativo, tanto inicial como permanente do profesorado.

Podemos afirmar que este libro nos achega unha serie de cuestións que nos permiten aproximarnos ás análises comparadas da educación, en xeral, o que leva a coñecer as claves para entender as diferentes situacións educativas que se producen nas distin-

tas partes do mundo, en España e Latinoamérica.

Pero, ademais, proporcionáanos unha perspectiva comparada sobre os problemas que poden interesar e preocupar na educación obrigatoria, é dicir, preséntanos as diferentes formas que teñen de enfrontarse a estes problemas nos distintos países destas dúas grandes áreas xeográficas.

E comentar, para finalizar, que este volume, á parte de ser de interese para todos os comparativistas, ten tamén un gran valor para os alumnos que están a facer estudos relacionados coa educación, que buscan saber sobre sistemas escolares diferentes aos que coñecen pola súa experiencia e para coñecer como se poden realizar estudos e análises comparadas das distintas situacións educativas, basicamente, sobre a educación obrigatoria, nivel de ensino polo que pasan todos os cidadáns destes países.

*Antonio Rodríguez Martínez*  
Universidade de Santiago de Compostela



**Autor:** ESTEBAN CHAPAPRÍA,  
V. (Ed.)  
**Ano:** 2005  
**Título:** *O espazo europeo de  
educación superior*  
**Lugar:** Valencia  
**Editorial:** Universidade Politécnica  
de Valencia

A universidade é unha institución secular que, dende sempre e en todas as sociedades, desenvolveu unhas funcións básicas resultantes dunha particular combinación do cultural e ideolóxico, do social e económico, dos roles educativos e científicos.

Nos últimos anos experimentou cambios importantes que tiveron que ver tanto coa súa propia estrutura coma co seu funcionamento.

O proceso de converxencia europea no que está inmersa a educación superior formula novos retos para a institución universitaria. A resposta que espera dela, non é simplemente un cambio nos métodos, nos procedementos de ensino-aprendizaxe ou na avaliación. As transformacións teñen máis que ver coas crenzas que constitúen o núcleo da cultura universitaria dominante. Dous son os principios básicos que configuran o novo Espazo Europeo de Educación Superior: a transparencia dos procesos formativos e a transparencia nos distintos sistemas universitarios das aprendizaxes adquiridas.

Neste contexto, o sistema universitario ten que aceptar e vaise beneficiar dun marco de equilibrio e respecto á diversidade cultural e á autonomía dos sistemas nacionais, de defensa da calidade docente e investigadora das institucións universitarias, de aposta por uns plans de estudo que faciliten a inserción profesional dos graduados e graduadas. En todo caso, a flexibilidade e a adaptabilidade serán criterios obrigados para atinxir a debida harmonía e homoxeneidade nun marco diverso e dinámico. É tamén necesario que o profesorado universitario adquira un novo perfil profesional que lle permita responder axeitadamente aos novos retos e demandas.

Estas son os temas que, nesta ocasión, ocuparon a atención da XXIV edición do Seminario interuniversitario de Teoría da Educación, organizado conxuntamente polo Instituto de Ciencias da Educación e a cátedra de Teoría e Historia da Educación da Universidade Politécnica de Valencia.

As reflexións procedentes deste Seminario deron lugar á obra que

pasamos a comentar. A súa edición correu a cargo do vicerreitor de Estudos e Convergencia Europea da Universidade Politécnica de Valencia, Vicent Esteban Chaparría. Artículase en torno a catro relatorios aos que se debe engadir unha extensa presentación do editor, na que ademais de expoñer a estrutura da obra, fai un percorrido amplo pola nova realidade do ensino universitario.

No primeiro capítulo “El diseño de titulaciones y programas ante la convergencia europea”, os profesores Gonzalo Jover Olmeda (Coord.), Carolina Fernández-Salineró e Marta Ruiz Corbella analizan os antecedentes e o marco normativo que sustenta o Espazo Europeo de Educación Superior, para centrarse nos dous eixes da súa concreción pedagóxica: o sistema de créditos ECTS e o concepto de competencia.

Inician o desenvolvemento discursivo da súa exposición facendo un repaso polos antecedentes e o marco normativo do EEES e recórdanos, nas primeiras liñas, que o novo deseño da educación superior máis que unha reforma de plans de estudo, supón unha nova proposta de universidade que implica unha reconsideración global e responde ás necesidades e esixencias da actual orde mundial.

A xeneralización do Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS) constitúe un dos piares do proceso de converxencia dos programas

européos de educación superior. A adaptación ao esquema temporal do ECTS e as súas implicacións na redefinición da oferta académica ocupan un amplo espazo neste capítulo e dan paso ao deseño de programas baseados en competencias. Neste punto, os autores realizan unha extensa aproximación ao concepto de competencia e unha proposta de clasificación. Tras esta análise conceptual, perfilan algúns elementos do deseño de programas de formación competencial no marco do EEES, tendo en conta que debe ser un proxecto de actuación no que, a partir das necesidades detectadas, se efectúe unha previsión sistemática de obxectivos en termos de competencias, se definan estratexias, se seleccionen os medios e recursos necesarios e se especifiquen os criterios de avaliación.

“El cambio de cultura docente en la Universidad ante el espacio europeo de educación superior” é o título do segundo capítulo, elaborado polas profesoras Amparo Fernández March, Begoña Gros e Teresa Romaña Blay, baixo a coordinación do profesor Bernardo Martínez Mut.

A cultura docente, como conxunto de conviccións compartidas por profesores e directivos e, mesmo, polos alumnos, está sometida ás presións que a adaptación á Convergencia Europea formula á institución universitaria. Por iso, a resposta non pode ser un simple cambio nos métodos e pro-

cedementos de ensino-aprendizaxe e avaliación, senón que debe afondar ata as crenzas que constitúen o núcleo da cultura dominante na sociedade.

Nun extenso apartado inicial expóñense as cuestións fundamentais relacionadas coa cultura das organizacións e, máis concretamente da acción educativa nas organizacións, que posúe como características máis importantes a intencionalidade, a referencia a un patrón, a súa adecuación ás disponibilidades dos suxeitos e a pretensión de normalizar os procesos.

O seguinte apartado ten como centro de reflexión a cultura docente e o cambio ante a converxencia europea. O proceso de Boloña, co que se inicia dende as institucións universitarias a resposta aos cambios importantes que está a experimentar o ámbito global da educación superior en Europa, continúa o seu desenvolvemento. Actualmente, son numerosas as iniciativas desenvolvidas polas universidades europeas coas que se persegue un obxectivo común, a harmonización dos seus sistemas de educación superior.

Os novos roles do profesor é o tema que ocupa o último punto desta contribución. A diverxencia entre o rol tradicional do profesor, coas súas funcións habituais de estudo, preparación e impartición dun programa e as novas funcións que parecen requirir as novas metodoloxías docentes, centradas na aprendizaxe do alumno é un dos cam-

bios que leva de seu o contexto da converxencia europea e a progresiva implantación dos ECTS, que valoran un enfoque docente moito máis centrado na aprendizaxe dos estudantes.

O terceiro capítulo titulado “Los valores de la educación en el espacio europeo de educación superior” ten como propósito destacar algúns trazos característicos do ser europeo, para enmarcar axeitadamente os valores que se propoñen no EEES. Os seus autores, os profesores Juan Escámez Sánchez (Coord.), Pedro Ortega Ruiz e Miguel Martínez Martín analizan, por un lado, a existencia ou non dun espazo social e cultural común aos pobos de Europa e, por outro, a existencia ou non duns valores compartidos, propios dos cidadáns deses pobos.

As diversas Declaracións oficiais que foron conformando o EEES (A Sorbona, Boloña, Praga, Berlín) incidiron repetidamente na vontade de potenciar unha Europa do coñecemento, de acordo coas tendencias predominantes nos países máis avanzados socialmente, nos que a extensión e calidade da educación superior son factores decisivos no incremento da calidade de vida dos cidadáns.

Neses documentos, os obxectivos que enmarcan as propostas que formulan a conveniencia da construción do EEES afirman a vontade de avanzar cara a unha Europa plural, interesada na produtividade, no cultivo

do esforzo, xa sexa no mundo do traballo, como na da formación e a creación cultural, artística e científica ou no do desenvolvemento tecnolóxico e, á vez, interesada en alcanzar niveis progresivos de inclusión social e de respecto ao singular e diferente. Son obxectivos relacionados coa aprendizaxe de contidos informativos e procedementais e, tamén, con actitudes e valores asociados á profesionalidade, á busca da verdade, ao sentido crítico, á responsabilidade, á cidadanía activa, ao respecto e á inclusión social. A proposta dos autores avoga por un modelo de formación que lles permita apreciar aos estudantes os anteriores valores como tales, denunciar a súa ausencia ou a presenza de contravalores e, sobre todo, que lles permita construír sistemas propios de valores singulares de forma autónoma e dialóxica.

Por último, sinalan que o EEES, no que as universidades europeas están implicadas, é unha boa oportunidade para a renovación pedagóxica e a definición de proxectos educativos e tamén para a análise e proposición de integración de valores na formación universitaria.

O cuarto e último capítulo “Las competencias en la Secundaria y su incidencia en el acceso a la Universidad”, realizado polos profesores Jaime Sarramona (Coord.), Emilia Domínguez, Juana Noguera e Gonzalo Vázquez formula, como punto de partida, o concepto de competencia. A

partir de aí, sinalan que os profesionais da educación teñen un papel prioritario no proceso de definición e identificación das competencias, sexan estas básicas, claves ou profesionais, tarefa, á que parece razoable que se sumen outros sectores da sociedade.

Agora ben, a natureza das competencias implica cambios pedagóxicos e didácticos que requiren a programación do currículo por competencias en todos os niveis educativos.

Os estudos promovidos en todas as universidades europeas no contexto do EEES, estruturando os novos plans de estudos por competencias xerais e específicas han de ser un eixe orientativo para vincular as competencias dun e doutro tipo da educación secundaria que deben completar cos propios deste nivel. Traballar por competencias significa ter en conta os principios da pedagogía activa que centra a atención no suxeito. Ser competente é máis que ser hábil ou experto; é ser, cada vez máis, capaz de participar eficazmente e de forma responsable na vida social, utilizando todos os recursos e resortes aprendidos e desenvolvidos ao longo da vida.

No seguinte apartado, os autores describen, xunto ao caso portugués, o proxecto PISA, un exemplo paradigmático de avaliación internacional baseándose en competencias. Deseguido fórmulanse os problemas da formación das competencias nas entradas e saídas da universidade.



O exame da situación actual-retrospectiva realizado ata este momento do estudo deixa paso, como último punto, a unha ollada prospectiva sobre as competencias no marco do EEES.

A presente publicación constitúe un exemplo de colaboración de diferentes expertos do mundo universitario, que coas súas achegas veñen a clarificar, unha vez máis, o panorama

actual da universidade. E o momento non podía ser máis axeitado para tratar estas cuestións. Daquela non podemos máis que congratularnos con esta iniciativa que, sen dúbida, responde ás expectativas dos profesionais da universidade e daquelas persoas interesadas en que a educación superior garanta as necesidades e demandas da sociedade do século XXI en que ha de desenvolverse.

*Ana M<sup>a</sup> Porto Castro*

Universidade de Santiago de Compostela

